

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 29 DE SETEMBRO DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO Membros que asisten: DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e nove de Setembro do Dous mil vinte e dous, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 11/08/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202209/284

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 20/09/2022 "Decreto: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE PÉRGOLA PARA APEADOIRO DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES NA AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA)."

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202209/305



Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruíz Rivas, de data 21/09/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO “SERVICIO PARA EL DESARROLLO, COORDINACIÓN Y EJECUCIÓN DEL PLAN DE COMUNICACIÓN Y PUBLICIDAD DE LA ESTRATEGIA DE DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE INTEGRADO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA””

4.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 23.08.2022:

- 12814 04.07.2022 SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES S.L., instalación fotovoltaica de autoconsumo sobre la cubierta de la vivienda situada en lugar de Castro, 1C, promotora: María Dolores Tobio Mos.
- 8610 05.05.2022 JOSÉ MANUEL SANTAMARÍA ÁLVAREZ, cambio de caldera de gas-oil por otra eléctrica, en Vixán, 11, Carreira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 22.09.2022:

- 12596 30.06.2022 STOLT SEA FARM S.A., reforma de las oficinas, en Couso.
- 1629 31.01.2022 EXCELLENCE FIELD FACTORY S.L.U. (TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U.), sustituir dos postes de madera e instalar una riostra en las proximidades de rúa Sálvora, 30 y rúa Listres, 61, Aguiño.

5.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Avda. M.R. Bautista - Ribeira)

Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 04/04/2022 (Rexistros de entrada nº 6.247 e 6.249), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de acometida de rede de gas natural en edificación situada en Avenida Miguel Rodríguez Bautista, 11 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 25/08/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de acometida de rede de gas natural en edificación situada en Avenida Miguel Rodríguez Bautista, 11 (Ribeira), polos importes de 144,00 € e 240,00 €, respectivamente.

6.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Avda. do Malecón - Ribeira)



Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 04/04/2022 (Rexistros de entrada nº 6.329 e 6.334), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de acometida de rede de gas natural en edificación situada en Avenida do Malecón, 18 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 22/08/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de acometida de rede de gas natural en edificación situada en Avenida do Malecón, 18 (Ribeira), polos importes de 1.080,00 € e 540,00 €, respectivamente.

7.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Rúa Escorial - Ribeira)

Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 05/04/2022 (Rexistros de entrada nº 6.369 e 6.372), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de acometida de rede de gas natural en edificación situada en Rúa Escorial, 8 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 22/08/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de acometida de rede de gas natural en edificación situada en Rúa Escorial, 8 (Ribeira), polos importes de 2.475,00 € e 750,00 €, respectivamente.

8.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 4/21 - EXP 2021/DISU000014.

FEITOS IMPUTADOS: Realización de obras consistentes na construción de dúas edificacións auxiliares e ampliación de vivenda unifamiliar nas parcelas con refª catastral nº 0421905NH0102S0001PH e 0521945NH0102S00001QH sen o preceptivo título habilitante municipal.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

REFª CATASTRAL: 0421905NH0102S0001PH e 0521945NH0102S00001QH.

SITUACIÓN: Rúa Fondevila nº 4 e 25, Ribeira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr. Guillermo González Lesta.

INTERESADO/AS - DENUNCIANTES: Sra. Elisabeth Pérez Lorenzo e Sr. Francisco Javier Campos Chico.

INSTRUCTOR/A: Funcionario, Sr. José Martínez de Llano Orosa.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO



1º.- Vistas as denuncias no exercicio da acción pública ao abeiro do artigo 62 do real decreto lexislativo 7/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana, presentadas pola Sra. Elisabeth Pérez Lorenzo e polo Sr. Francisco Javier Campos Chico.

2º.- Visto como consecuencia do anterior o Decreto de Alcaldía de data 12 de novembro de 2021, mediante o que se incoaba expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, co seguinte tenor literal:

“
(...)

PRIMEIRO.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística motivado polas obras consistentes na execución de dúas edificacións nas parcelas con refª catastral nº 0421905NH0102S0001PH e 0521945NH0102S00001QH sitas na Rúa Fondevila nº 4 e 25, Ribeira sen o preceptivo título habilitante municipal sendo promotor o Sr. Guillermo González Lesta.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados, entendo como tal ao Sr. Guillermo González Lesta así como á Sra. Elisabeth Pérez Lorenzo e Sr. Francisco Javier Campos Chico, con indicación de que, conforme ó establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón vostede dun prazo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da presente para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse. A estes efectos, ponse de manifesto o procedemento, estando á súa disposición o expediente nas dependencias de Urbanismo do Concello de Riveira.

TERCEIRO.- Comunicar aos interesados contra o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade, por ser un acto de trámite, non cabe recurso ningún, podendo o interesado únicamente, segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, alegar a súa oposición ó mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento.

(...)
“

3º.- Visto en cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, que a notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade practicouse ao Sr. Guillermo González Lesta o día 15 de novembro de 2021, á Sra. Elisabeth Pérez Lorenzo o día 15 de novembro de 2021 e ao Sr. Francisco Javier Campos Chico o día 15 de novembro de 2021, emprazándose aos interesados para o trámite de audiencia.

4º.- O día 22 de novembro de 2021 (Rexistro de entrada nº 208423), o Sr. Guillermo González Lesta presenta un escrito, no que indica que as obras denunciadas foron demolidas. Xunto coa solicitude aporta a seguinte documentación:



- Fotografías do estado da parcela.
- Nota simple do Rexistro da Propiedade no que se reflicte a existencia dun galpón de 18 m²
- Medición da parcela realizada por empresa de topografía
- Escritura de propiedade, de data do 30.05.2008, na que consta a existencia dun galpón.

5º.- O Sr. Fco. Javier Campos Chico pola súa banda presenta sendos escritos de alegacións os días 1 de decembro de 2021 e 1 de abril de 2022, no que se relatan os seguintes feitos:

-Indica que unha das construcións non se demoleu, e que a mesma non conta co título habilitante

-As construcións realizadas acaroadas á vivenda na rúa Fondevila nº4 non se axustan á calificación do solo (Ordenanza 6.2), invadindo unha zona colectiva e incumprindo a clasificación do solo en feira. As obras consiste nun peche, un tellado ou cuberta, lavadoiro, un baño e solería en toda a zona ocupada.

-Solicita que o Concello adoite medidas en relación cos feitos descritos.

6º.- O delineante municipal Jaime garcía leira o día 4 de abril de 2022 emite acta de comprobación de obras, nas dúas parcelas obxecto de denuncia.

7º.- A enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emite informe técnico tras xirar visita de inspección o día 23 de setembro de 2022, co seguinte tenor literal:

INFORME TÉCNICO – DISCIPLINA URBANÍSTICA

Nº exp.: 2021/DISU000014

Uxía Landeira Pereira, enxeñeira municipal do Concello de Ribeira (A Coruña), con motivo das denuncias presentadas por **Dña. Elisabeth Pérez Lorenzo** e **D. Francisco Javier Campos Chico**, e en cumprimento do disposto no artigo 152 e seguintes da Lei 2/2016, de 9 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), emito o presente informe aos efectos de determinar as actuacións que procedan en materia de reposición da legalidade urbanística.

01.DATOS DA PERSOA/S PROMOTORA/S:

Nome/razón social: Guillermo González Lesta

NIF: 33225088-R

02.DATOS DAS PARCELAS

02.01.Parcela 01

Localización: Rúa Fondevila (parcela entre os nº 23 e 25)

Ref. Catastral: 0421905NH0102S

Ref. Rexistral: (non se amosan datos)

Plano do PXOM: Plano nº 3.9 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0505 do PBA

02.02.Parcela 02

Localización: Rúa Fondevila nº 4

Ref. Catastral: 0521945NH0102S

Ref. Rexistral: (non se amosan datos)

Plano do PXOM: Plano nº 3.9 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0506 do PBA

04.ANTECEDENTES E DOCUMENTACIÓN

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 05/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/10/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/10/2022 14:20:07



04.01. O día 04.09.2019, obtén rexistro de entrada un escrito a nome de Elisabeth Pérez Lorenzo (RE.: 12280), no que solicita a fixación física duns contenedores de lixo na Rúa Fondevila, entre os nº 23 e 25, con motivo duns conflitos veciñais.

-Manifesta que o veciño en cuestión emprega o seu vado persoal para o estacionamento de vehículos.

-Tamén advirte da existencia de construcións ilegais, cun garaxe que excede das dimensións e que oculta cunha lona, unhas construcións metálicas que tamén aumentaron de tamaño, un caseto e outro uníndoos entre si, tenencia de animais na parcela.

-Tamén infrinxe as normas urbanísticas no seu propio domicilio.

-Na mesma vía, segundo a denuncia, realizando unhas reformas de reparación do tellado transformouno na ampliación da vivenda, construíndo unha segunda planta sen ventás, recebándoa e pintándoa, e en cuestión duns meses apareceron unhas ventás.

-Co escrito anterior, axunta a seguinte documentación:

*Referencia catastral

-Fotografías das construcións auxiliares.

04.02. Coa mesma data (RE.: 12279), obtén rexistro de entrada un escrito idéntico ao anterior, asinado por Francisco Javier Campos Chico.

04.03. O día 19.07.2020, Francisco Javier Campos Chico presenta un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira (RE.:12597), no que informa do seguinte:

-Que con data do 04.09.2019, presentou un escrito por un conflito veciñal relacionado cuns contenedores de lixo, que xa foi solucionado.

-Que o motivo ppal. da súa denuncia son as irregularidades urbanísticas acaecidas na parcela indicada e no domicilio do promotor.

-Relata as consecuencias que este tipo de construcións teñen sobre a súa propiedade.

-Denuncia a existencia de animais na parcela.

-As consecuencias negativas da existencia deste tipo de construcións, para a cidade de Ribeira.

-Interpela ao concello a que faga o seu traballo, aplicando as normas urbanísticas existentes.

-No caso de non obter unha solución acodirá á Xunta de Galicia e ao Defensor do Pobo.

04.04. Con data do 31.07.2020, Elisabeth Pérez Lorenzo, presenta un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira (RE.: 9260), no que relata o seguinte:

-Que con data do 04.09.2019, presentou un escrito (RE.: 12279), de denuncia por un uso indebido duns contenedores de basura, o cal foi solucionado.

-Que o tema ppal. da súa denuncia consiste nunha serie de irregularidades urbanísticas, tanto no domicilio do promotor, como no terreo cercano á súa propiedade (parcela existente entre os nº 23 e 25 da calle Fondevila), da que se aporta ref. catastral e seis fotografías, nas que se acredita a existencia dunhas construcións ilegais, executadas sen licenzia urbanística e prohibidas polas Ordenanzas Urbanísticas de Ribeira, sen que o concello adoitase medidas algunhas ao respecto; por todo o exposto, solicita a incoación dos expedientes de disciplina urbanística que correspondan, e de que se lle notifiquen as actuacións como interesado no procedemento; asegura que de non ter unha resposta, acodirá ao Defensor do Pobo e á Xunta de Galicia.

04.05. Escritura do anterior propietario da parcela (José Vilas Basoco), no que figura a existencia dun galpón de 18 m².

04.06. Copia dunha solicitude de Comunicación Previa de Obra de substitución de tella, na Rúa Fondevila nº 4 (Licenzia nº 94/14)

04.07. Escrito idéntico ao de Elisabeth Pérez Lorenzo de RE.: 9260, presentado a nome de Francisco Javier Campos Chico (RE.: 9261) na mesma data.

04.08. O día 06.09.2021, recíbese escrito do Valedor do Pobo (RX.: 13456/21; Expte. nº B.10.Q/6986/21), requirindo do Concello de Ribeira, no prazo de 15 días, información sobre o problema que motivou a queixa presentada por Fco. Javier Campos Chico.



04.09. Con data do 12.11.2021, emítese Incoación do Expediente de Reposición da Legalidade Urbanística (DU 4/21), pola realización de obras consistentes na construción de dúas edificacións nas parcelas con refª catastral nº 0421905NH0102S0001PH e 0521945NH0102S00001QH sen o preceptivo título habilitante municipal.

04.10. Con data do 17.11.2021, notificase copia da Resolución de Incoación de Expediente de Reposición da Legalidade, ao Valedor do Pobo (NA.: 00019523475/11; Nº Expte 7002).

04.11. Con data do 10.11.2021 (RE.: 20133), remítese un escrito de “Traslado de Actuacións Previas”, da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no que se resolve: “dar traslado ao Concello de Ribeira das actuacións previas nº COR/50/2021, co fin de que pola persoa titular da alcaldía se adopten, no exercicio das súas competencias, tódalas medidas necesarias para a protección da legalidade urbanística, segundo o disposto no Capítulo III do Título IV da LSG”. O informe de Actuacións Previas axunto ao escrito, amosa fotografías da sede electrónica de catastro das parcelas denunciadas, e a clasificación de ambas no PXOM de Ribeira.

04.12. O día 22.11.2021 (RE.: 208423), a persoa denunciada presenta un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira (RE.: 20843), no que indica que as obras denunciadas foron demolidas. Xunto coa solicitude aporta a seguinte documentación:

-Fotografías do estado da parcela

-Nota simple do Rexistro da Propiedade no que se reflicte a existencia dun galpón de 18 m²

-Medición da parcela realizada por empresa de topografía

-Escritura de propiedade, de data do 30.05.2008, na que consta a existencia dun galpón

04.13. O día 01.12.2021, Fco. Javier Campos Chico, presenta un escrito de alegacións, no que se relatan os seguintes feitos.

-Indica que unha das construcións non se demoleu, e que a mesma non conta co título habilitante

-As construcións realizadas acaroadas á vivenda na rúa Fondevila nº4 non se axustan á calificación do solo (Ordenanza 6.2), invadindo unha zona colectiva e incumprindo a clasificación do solo en fieira. As obras consiste nun peche, un tellado ou cuberta, lavadoiro, un baño e solería en toda a zona ocupada.

-Solicita que o Concello adoite medidas en relación cos feitos descritos.

04.14. No día 01.04.2022, D Fco. Javier Campos Chico, presenta unha instancia (RE.: 6027), mediante a que solicita o derribo das construcións realizadas sen o título habilitante de natureza urbanística, que remitirá ao Valedor do Pobo copia das actuacións, e a APLU, e que si se vise obrigado tomará as accións xudiciais necesarias, entre outras manifestacións.

04.15. Con data do 04.04.2022, emítese acta de comprobación de obras, polo delineante municipal, nas dúas parcelas obxecto de denuncia.

04.16. Con data do 31.08.2022, xírase visita de comprobación do delineante municipal e da enxeñeira municipal.

05. NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

-Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

-Resolución do 30 de xaneiro de 2018, pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión do Concello de Ribeira.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.



- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en adiante, LEPARG.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia,
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, en adiante LC.
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, en adiante RC.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, en adiante POL.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, en adiante TRLA.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas, en adiante RDPH.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, en adiante LEG.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en adiante LPCG.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 42/2007, do 13 de novembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación dos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas.
- Real Decreto 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico “DB-HR Protección fronte ó ruído” do CTE e se modifica o Real Decreto 314/2006,
- Real Decreto 1675/2008 de 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/2007,
- Orde de VIV/984/2009, de 15 de abril, pola que se modifican determinados documentos básicos do CTE e o Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro,
- Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, polo que se modifica o CTE en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade,
- Real Decreto 410/2010 de 31 de marzo, polo que se desenvolven os requisitos esixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para el exercicio de súa actividade,
- Orde FOM/1635/2013, de 10 de setembro, pola que se actualiza o Documento Básico DB-HE “Aforro de Enerxía”, do CTE.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

07.INFORME

07.01.Réxime urbanístico:

Trátase de dúas parcelas, que desembocan na Rúa Fondevila.



07.01.01. Parcela 01: 0421905NH0102S (129 m²)

Está clasificada como solo urbano de *Ordenanza 6.2.- Residencial extensiva colectiva en hilera*. De conformidade coa Tst 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

Segundo a cartografía do PBA, no existen afeccións sectoriais sobre a parcela.

07.01.02. Parcela 02: 0521945NH0102S (123 m²)

Está clasificada como solo urbano de *Ordenanza 6.2.- Residencial extensiva colectiva en hilera*. De conformidade coa Tst 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

Segundo a cartografía do PBA, no existen afeccións sectoriais sobre a parcela.

07.02. Descripción das obras realizadas:

07.02.01. Parcela 01_0421905NH0102S

Trátase da execución de varias edificacións auxiliares, e de ampliación dunha edificación auxiliar existente, e o pavimentado da parcela (35 m²).

De acordo coa documentación obrante no expediente, procedeuse á edificación de varias edificacións auxiliares e procedeuse á súa demolición.

Axúntase fotografías dos escritos de denuncia:

(Consta no expediente)

Fotografía 1_estado inicial da parcela (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>

(Consta no expediente)

Fotografía 2_estado inicial da parcela (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>

(Consta no expediente)

Fotografía 3_estado das obras realizadas_imaxe facilitada polo denunciante

(Consta no expediente)

Fotografía 4_estado das obras tras a demolición do promotor_imaxe facilitada polo denunciante (19.11.2021)

(Consta no expediente)

Fotografía 5_estado actual das obras (visita de comprobación o día 31.08.2022)

Tal e como se constata nas imaxes, e tras a visita de comprobación á parcela do día 31.08.2022, acredítase a execución das seguintes obras sen o título habilitante de natureza urbanística:

-Ampliación en altura da edificación auxiliar.

-Pavimentado da parcela a base de soleira de formigón.

As obras están rematadas.

07.02.02. Parcela 02_0521945NH0102S

Na parcela indicada, detectáronse diversas obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar.

Segundo datos catastrais, a vivenda data do ano 1.960.

(Consta no expediente)

Fotografía 6_estado inicial da vivenda_imaxe da web: <https://www1.sedecatastro.gob.es/>

(Consta no expediente)

Fotografía 7_estado inicial da vivenda (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>

(Consta no expediente)



Fotografía 8_estado actual da vivenda (visita de comprobación o día 31.08.2022)

Tal e como se observa nas imaxes, procedeuse á ampliación da vivenda unifamiliar nunha altura, e a ampliación da edificación auxiliar existente na planta sobre rasante. As obras atópanse totalmente rematadas.

07.03.Compatibilidade das obras co PXOM de Ribeira e a normativa urbanística:

Tanto a parcela 01 como a parcela 02, atópanse en Solo Urbano de Ordenanza 6.2.- Residencial extensiva colectiva en fileira (art. 156 do PXOM de Ribeira).

Segundo o art. 156 do PXOM, só se admitirán, ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal (oficinas, comercios e talleres do nivel de compatibilidade similar ao doméstico).

En relación a dita Ordenanza o criterio estable é, xa fixado dende a entrada en vigor do actual planeamento municipal, polo Servizo de Urbanismo do Concello, e o de compatibilizar o uso residencial en categoría primeira (unifamiliar) dentro do residencial de 2ª categoría (plurifamiliar ou colectiva), toda vez que pode entenderse como unha peculiaridade da primeira sobre a segunda categoría, e tendo en conta que a ordenanza non impón a obriga de esgotar o número máximo de alturas permitido, o que parece lóxico na medida en que non se trata dunha ordenanza de edificación pechada entre medianeiras, que poidese en tal caso xustificar unha armonización da cornixa, senon que precisamente a edificación necesariamente debe dispoñerse exenta e recuada un mínimo de 3 m. As ocasións nas que a xurisprudencia veu entendendo obrigatorio esgotar o número de andares previstos no planeamento foi nos casos nos que a ordenanza impoñía expresamente unha unificación de alturas en función de criterios estéticos, co fin de conquistar unha altura de cornixa uniforme e non xerar paramentos cegos vistos, ou para a harmonización das novas edificacións con elementos protexidos, coma se di na Sentenza do TS de 24 de febreiro de 1997. Pero neste caso non existen tales condicionantes, polo que cabe concluir que a altura e número de andares defínense na ordenanza como máximas, pero non como mínimas. Máxime tendo en conta que a ordenanza de aplicación, e no seu apartado 1.2 “usos globais”, establece o “residencial extensivo ou de baixa densidade”; e que como no presente caso o uso pormenorizado proposto é o de residencial de vivenda unifamiliar; asumindo que o mesmo está integrado no uso global e xenérico residencial.

Por iso, e partindo do aforismo de que “quen pode o máis pode o menos”, non existe ningunha razón para impedir que non se esgote a altura máxima prevista pola ordenanza, posibilitando así o feito de poder edificar unha única planta sobre rasante (planta baixa) e gardando os recuados a lindeiros de 3 metros.

Á vista das consideracións precedentes, cabe concluir que a proposta contida do proxecto, aínda que non esgota a altura e número de andares permitidos na Ordenanza aplicable, axústase aos parámetros edificatorios que establece a mesma, integrándose dentro do “uso xenérico residencial extensivo” e, dentro deste, no máis restritivo ou de menor intensidade de uso.

07.03.01. Parcela 01_0421905NH0102S

En canto ás edificacións auxiliares, a ordenanza remite á ordenanza 6.1 (art. 155 do PXOM):

“Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, será obligatoriamente de planta baja y una altura máxima de 3 metros, no superando en ningún caso los 30 m de superficie. Siempre que superen los 15 m, no podrán autorizarse, sin la existencia de edificación ppal.”

O galpón posúe unha superficie aproximada de 36 m², e ten unha antigüidade superior a seis anos, demostrada na escritura de propiedade do antigo propietario, na nota simple e nas fotografías do [https://www.google.com/maps do ano 2012](https://www.google.com/maps.do ano 2012).

Está en situación de incompatibilidade co planeamento: a parcela non cumpre co parámetro de parcela mínima (200 m² fronte aos 129 m² que ten a parcela), **non existe edificación principal, e a superficie desta construción excede da máxima permitida.**

Segundo o art. 90.2 da LSG, só se poderán facer sobre esa edificación obras de conservación e mantemento do uso preexistente, ou aquelas obras mínimas e imprescindibles que permitan os cambios de uso permitidos pola



ordenanza. Non se autorizan obras de ampliación en este tipo de suposto. En consecuencia, **as obras de ampliación do galpón non son legalizables**.

As obras consistentes no pavimentado da soleira, a falla de regulación no PXOM, recurrimos ao PBA, o cal establece o seguinte:

-As instalacións tais como piscinas, pérgolas, ramplas, pavimentacións ou pistas deportivas non se considerarán a efectos de ocupación (art. 40 D83/2018).

-Tódolos edificios disporán das dotacións de servizo necesarias en función do uso ao que se destinen ou a actividade que se desenrole neles.

Do anterior, pode entenderse que **unha obra da entidade dun pavimento** anexo a unha edificación auxiliar, pode entenderse **legalizable** dende o punto de vista urbanístico.

07.03.01. Parcela 02_0521945NH0102S

Nun primeiro momento, a parcela contaba cunha vivenda unifamiliar de planta baixa, segundo amosan as imaxes de catastro e do visor de google maps.

Dos datos da denuncia, detectouse que a vivenda sufriu varias obras de ampliación, consistentes no engadido dunha planta e unha edificación auxiliar cuberta con unha chapa ondulada transparente, ocupando deste xeito a totalidade da parcela.

Segundo a ordenanza 6.2.- *Residencial extensiva colectiva en fileira*, a ampliación dunha planta da vivenda unifamiliar pode entenderse **legalizable** dende o punto de vista urbanístico...

Por outra banda, segundo o apdo. de *Retranqueos*, no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínima de 8m, nin as demais condicións da edificación.

En canto á edificación auxiliar cuberta con unha chapa ondulada transparente atópase na situación do art. 90.2 da LSG, sendo incompatible coas determinacións do planeamento, e so poderán realizarse nela as obras de conservación e mantemento do uso preexistente, ou as mínimas imprescindibles para realizar calquera dos cambios de uso previstos pola ordenanza.

En consecuencia **as obras de ampliación da vivenda e legalizable** dende o punto de vista urbanístico, **pola súa parte as obras da súa edificación auxiliar non son legalizables**.

08. CONCLUSIÓN

Unha vez incoado o expediente de reposición da legalidade, en cumprimento do art. 153 da LSG, pola realización dunha serie de obras sen licencia, comunicación previa ou orde de execución, o incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, procede a adopción dos seguintes acordos:

08.01. En aplicación do disposto no art. 152.3 a), as obras correspondentes coa ampliación do galpón en altura (parcela 01) non son legalizables. As obras de ampliación executadas tiveron como resultado a alteración da configuración arquitectónica da construción, e polo tanto procederá a **demolición da totalidade do galpón**.

08.02. As obras de ampliación da vivenda nunha planta e **legalizable** dende o punto de vista urbanístico e o promotor das mesmas disporá dun prazo de tres meses para a súa legalización (art. (152.3 b); as obras de ampliación da edificación auxiliar (parcela 02), **non son legalizables, e procede a súa demolición**.

08.03. As obras consistentes no pavimentado da parcela 01 son **legalizables**, e o promotor das mesmas disporá dun prazo de tres meses para a súa legalización (art. 152.3 b). No caso de que se denegue a autorización ou no se cumpran os requisitos legais, acordase a demolición das obras a costa do interesado.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste da actuación pretendida á legalidade vixente.

Ribeira, na data da sinatura dixital

A enxeñeira municipal,

Uxía Landeira Pereira



ANEXO FOTOGRÁFICO

ANEXO FOTOGRÁFICO:

- Fotografía 1_estado inicial da parcela (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>
- Fotografía 2_estado inicial da parcela (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>
- Fotografía 3_estado das obras realizadas_imaxe facilitada polo denunciante
- Fotografía 4_estado das obras tras a demolición do promotor_imaxe facilitada polo denunciante (19.11.2021)
- Fotografía 5_estado actual das obras (visita de comprobación o día 31.08.2022)
- Fotografía 6_estado inicial da vivenda_imaxe da web: <https://www1.sedecatastro.gob.es/>
- Fotografía 7_estado inicial da vivenda (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>
- Fotografía 8_estado actual da vivenda (visita de comprobación o día 31.08.2022)

(Consta no expediente)

Fotografía 1_estado inicial da parcela (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>

(Consta no expediente)

Fotografía 2_estado inicial da parcela (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>

(Consta no expediente)

Fotografía 3_estado das obras realizadas_imaxe facilitada polo denunciante

(Consta no expediente)

Fotografía 4_estado das obras tras a demolición do promotor_imaxe facilitada polo denunciante (19.11.2021)

(Consta no expediente)

Fotografía 5_estado actual das obras (visita de comprobación o día 31.08.2022)

(Consta no expediente)

Fotografía 6_estado inicial da vivenda_imaxe da web: <https://www1.sedecatastro.gob.es/>

(Consta no expediente)

Fotografía 7_estado inicial da vivenda (ano 2012). Imaxe do <https://www.google.com/maps>

(Consta no expediente)

Fotografía 8_estado actual da vivenda (visita de comprobación o día 31.08.2022)

Ribeira, na data da sinatura dixital

A enxeñeira municipal,

Uxía Landeira Pereira

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O departamento de urbanismo do Concello de Ribeira levou a cabo actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso segundo o artigo 378 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e da investigación realizada resultan como probados os seguintes feitos:

Primeiro.- O Sr. Guillermo González Lesta (DNI 33.225.088-R) levou a cabo obras consistentes na execución na construción de dúas edificacións auxiliares e ampliación de vivenda unifamiliar nas parcelas con refª catastral nº 0421905NH0102S0001PH e



0521945NH0102S00001QH sen o preceptivo título habilitante municipal, sitas na Rúa Fondevila nº 4 e 25, Ribeira.

SEGUNDO.- Establece o artigo 152.1 da LSG que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Corresponde ao Sr. Alcalde de Ribeira co acordo de suspensión adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de cesación da actividade, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación definitiva dos mesmos.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € cada unha.

Polo anteriormente exposto dos antecedentes obrantes no expediente, visto o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira tras xirar visita de inspección con sinatura dixital de día 23 de setembro de 2022, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data. 23/09/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- En aplicación do disposto no art. 152.3 a) LSG, as obras correspondentes coa ampliación do galpón en altura sito na parcela 01 con refª catastral nº 0421905NH0102S0001PH, **non son legalizables**. As obras de ampliación executadas tiveron como resultado a alteración da configuración arquitectónica da construción, e polo tanto se ordena ao Sr Guillermo González Lesta a **demolición da totalidade do galpón** así como a **retirada inmediata dos restos do galpón xa demolido** deixando a parcela expedita en condicións de seguridade, ornato e salubridade pública.

SEGUNDO.- En aplicación do disposto no art. 152.3 b) LSG, as obras correspondentes ao pavimentado da parcela 01 con refª catastral nº 0421905NH0102S0001PH son **legalizables**, e o promotor das mesmas disporá dun prazo de tres meses para a súa legalización (art. 152.3 b).



TERCEIRO.- En aplicación do disposto no art. 152.3 b) LSG, as obras correspondentes na parcela 02 con refª catastral nº 0521945NH0102S00001QH consistentes na ampliación da vivenda nunha planta e **legalizable** dende o punto de vista urbanístico e o promotor das mesmas disporá dun prazo de tres meses para a súa legalización; pola súa parte as obras na mesma parcela 02 con refª catastral nº 0521945NH0102S00001QH, consistentes na ampliación da edificación auxiliar **non son legalizables, e** polo tanto se ordena ao Sr Guillermo González Lesta a **demolición da totalidade da construción auxiliar**, art. 152.3 a) LSG.

CUARTO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

QUINTO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incorrer os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

SEXTO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. Sr. Guillermo González Lesta á Sra. Elisabeth Pérez Lorenzo e ao Sr. Francisco Javier Campos Chico.

9.- APROBACIÓN DAS NOVAS TARIFAS DE AUTOTAXI PARA O ANO 2023

Visto o escrito presentado por Luis Francisco Sampedro Martínez en nome e representación da **Asociación de Taxis de Ribeira**, de data 21/09/202023, no que solicita a aprobación da revisión das tarifas de autotaxi para a súa entrada en vigor o día 01/01/2023, a cal se considera necesaria para manter a rentabilidade económica da actividade de taxi no Concello de Ribeira.

Vista a documentación que se achega ao expediente *“Estudio económico que presenta la Asociación de Autotaxis del Concello de Ribeira, para la aprobación de las tarifas de aplicación urbana para el año 2023”*, e visto que a última revisión de tarifas foi no ano 2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar as novas tarifas de autotaxi presentadas pola Asociación de Taxis de Riveira para a súa entrada en vigor o día 01/01/2023 e según o establecido no seguinte cadro resumo:

Tarifas aprobadas co 10% de IVE incluído

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 1	IMPORTE
Baixada bandeira*	3,90
Km percorrido	1,10
Hora de espera	16,50
Suplementos:	
Cans ou gatos	1,00



Ocupación maleteiro	0,80
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 2	IMPORTE
Baixada bandeira*	4,40
Km percorrido	1,30
Hora de espera	19,50
Suplementos:	
Cans ou gatos	1,00
Ocupación maleteiro	0,80
SUPLEMENTO ESPECIAL	IMPORTE
Nadal e Noitevella	3,00

* A baixada de bandeira de Tarifa 1, inclúe 1.750 metros, ou tempo equivalente.

* A baixada de bandeira de Tarifa 2, inclúe 1.750 metros, ou tempo equivalente.

Aplicación de tarifas e suplementos

TARIFA 1.- Aplicable en días laborables de 06:00 a 22:00 horas

TARIFA 2.- Aplicable en días laborables de 22:00 horas a 06:00 horas, os sábados desde as 15:00 horas ata as 24:00 horas. Domingos, festivos, o 24 e 31 de decembro as 24 horas

Suplemento Especial de Nadal e Noitevella, aplícase:

O día 24 de decembro desde as 23:00 horas e ata as 06:00 horas do día 25 de decembro e 31 de decembro desde as 23:00 horas e ata as 10:00 horas do día 1 de xaneiro.

Non se cobrará o suplemento por levar cadeiras de minusválidos ou cans lazarillos.

O usuario terá dereito ao transporte gratuito dun bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, conforme o disposto no Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio.

10.- AUTORIZACIÓN CONCERTOS EN PARQUE GARCÍA BAYÓN –María Cruz Rodríguez Vázquez

Visto o escrito presentado por María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, de data 22/09/2022 (Rexistro de entrada nº 18.122), no que solicita autorización para a celebración duns concertos no Parque García Bayón (Ribeira), durante todos os sábados do inverno, en horario de 20:00 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, para a celebración duns concertos no Parque García Bayón (Ribeira), durante todos os sábados do inverno, en horario de 20:00 h. a 23:00 h.



11.- AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A RODAXE DA CURTAMETRAXE “LAVADOIRO” – Ana Belén Amado Pazos

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Ramón Doval, Sampedro, de data 23/09/2022, na que expón:

“Que Ana Belén Amado Pazos realizou na data 21/09/2022 varias solicitudes en relación aos lavadoiros de Artes e Pinisqueira que a continuación se detallan:

1.- Permiso para rodar nos lavadoiros de Artes e Pinisqueira (Aguíño) e as súas inmediacións durante os días 28, 29 e 30 de outubro do presente ano 2022. O material será utilizado para realizar unha curtametraxe dirixida por Lois Patiño sobre o mundo dos lavadoiros, polo que obtivo unha subvención da Deputación de A Coruña. O dispositivo escenográfico constará só de sabanas e material relacionado co acto de lavar en lavadoiros e non causará ningún dano no entorno (solicitud de autorización no rexistro xeral do Concello na data 21/09/2022 con Nº de rexistro de entrada 202218082).

2.- Solicitan ao Concello o préstamo de 15 cadeiras plegables para o uso durante a rodaxe do proxecto do lavadoiro os días 28, 29 e 30 de outubro de 2022 e ao rematar serán devoltas ao Concello (solicitud de autorización no rexistro xeral do Concello na data 21/09/2022 con Nº de rexistro de entrada 202218084).

3.- Rexistran unha solicitude para a limpeza e posta en funcionamento do lavadoiro da Pinisqueira, en Aguíño, que vai ser obxecto da rodaxe da curtametraxe “Lavadoiro”, que será dirixida por Lois Patiño. A rodaxe terá lugar os días 28, 29 e 30 de outubro de 2022 (solicitud de autorización no rexistro xeral do Concello na data 21/09/2022 con Nº de rexistro de entrada 202218092).”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a realización da rodaxe da curtametraxe “LAVADOIRO” dirixida por Los Patiño nos lavadoiros de Artes e Pinisqueira e na súa contorna nas datas 28, 29 e 30 de outubro de 2022.
- Autorizar o préstamo de 15 cadeiras do Concello. A empresa da rodaxe será a encargada de recollerlas, trasladalas ás localizacións precisas e, unha vez rematada a rodaxe devolvelas de novo ao Concello.
- Autorizar a realización dunha intervención de limpeza e posta a punto para o funcionamento no lavadoiro de Pinisqueira e que será realizada por operarios municipais.

12.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) DECEMBRO 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **decembro 2021**.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE cos Centros Concertados, relativo ao mes de **decembro 2021**; resultando o seu importe: 1.345,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 05/10/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/10/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/10/2022 14:20:07

